

## CIRCULAR FIN DO CURSO 2017-18

Estimadas familias:

O último día de clase é o **xoves 21 de xuño**. Ese día non haberá clases, xa que se celebrará un festival de fin de curso (actuacións musicais, actividades deportivas, ...). A hora de chegada ao Centro será ás **10:30** e a de saída ás **13:30 horas**. Por este motivo, **os autobuses adaptaranse a este horario**.

**A entrega de notas será o luns 25 de xuño ás 12:00 horas**. Recibirán o boletín de cualificacións, a circular cos exames de setembro e prazos de matrícula. Ademais, o alumnado con todo aprobado e o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas, tamén recibirán o sobre de matrícula para o curso próximo. **ESE DÍA NON HABERÁ TRANSPORTE ESCOLAR.**

**O alumnado con todo aprobado en xuño deberá facer a matrícula antes do 10 de xullo. Excepcionalmente o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas en xuño, tamén deberá entregar a matrícula para o próximo curso antes do 10 de xullo, para evitar as aglomeracións de setembro.**

### RECOLLIDA DOS LIBROS RECIBIDOS COA AXUDA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:

O alumnado que no curso 2017-18 recibiu a axuda para a compra de libros (cheque), ou procedentes do fondo solidario, terá que devolver, como indicaban as ordes correspondentes, os libros comprados coas citadas axudas en dúas fases:

1ª. Antes do **mércoles 20 de xuño** os alumnos deberán traer a clase todos os libros adquiridos coas citadas axudas ou recibidos do fondo solidario. O día da entrega de notas (**luns 25 de xuño, ás 12 horas**) os alumnos con materias suspensas recibirán os libros entregados destas materias. En caso de dúbida a Consellería de Educación enviounos un listado no que figuran os libros adquiridos por cada un dos solicitantes, que terán os títulos.

2ª. O día da entrega de notas en setembro o alumnado **deberá devolver os libros adquiridos coa axuda prestados en xuño**, incluso no caso de que teña que repetir curso.

### PROCEDEMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS:

O período de reclamacións das cualificacións de xuño será o martes 26 e o mércores 27 de 10:00 a 13:00 horas. O proceso é o seguinte:

1. Falar co/a profesor/a da materia para que lle mostre o exame ou exames e lle explique os criterios aplicados.
2. En caso de desacordo coa cualificación dada polo/a profesor/a, deberá solicitar, na Secretaría do Centro, o impreso para as reclamacións contra as cualificacións, entregándoo cuberto tamén na Secretaría antes das 13 horas do mércores 27 de xuño.
3. Unha vez rematado o prazo de reclamacións, o xoves 28 de xuño (de 10:00 a 13:00 horas), reuniranse os Departamentos das materias nas que se reclame. Estes emitirán unha resolución sobre as reclamacións presentadas, que se comunicará ó/a alumno/a.
4. En caso de desacordo coa resolución do Departamento, poderase solicitar na Secretaría do Centro, nas 24 horas seguintes á comunicación, que a Xefatura Territorial de Educación resolva dita reclamación.

Cambre, a 15 de xuño de 2018

A DIRECCIÓN